



CERTIFICADO

EXPEDIENTE Nº	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
249/2024	Xunta de Goberno Local	08/07/2024

MARIA FERNANDA MONTERO PARAPAR, EN CALIDADE DE SECRETARIA DESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO COAG CONTRA A RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 147/2024, DE 17 DE ABRIL. "CONTRATACIÓN REDACCIÓN PROXECTO . PROGRAMA ÁGORA" (EXPTE 249/2024).

DON XOÁN XOSÉ CASTAÑO CONDE, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CATOIRA (PONTEVEDRA), en virtude das facultades que me confire a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Constando memoria xustificativa, de data 17 de abril de 2024, na que se propón a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto construtivo básico e de execución de Mellora da mobilidade e recuperación de espazos públicos no núcleo Paseo Mirador da Ría, TM Catoira, por carecer de persoal propio que poida facerse cargo da prestación deste servizo.

Visto que o prezo de dito contrato, segundo o informe de necesidade, valorouse en 20.300 euros anuais, máis IVE, sumando o servizo un total de 24.563,00 euros. Constando no expediente informe de existencia de crédito do gasto de Intervención, de data 17 de abril.

Por Resolución de Alcaldía nº 30 de data 17/04/2024, aprobouse o inicio do expediente de contratación do servizo de "DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO CONSTRUTIVO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE MELLORA DA MOBILIDADE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO NÚCLEO PASEO MIRADOR DA RÍA, TM CATOIRA" polo procedemento aberto simplificado.

Constan os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán este procedemento de contratación, así como o prego de prescricións técnicas, que foron aprobados xunto coa aprobación do expediente de contratación e a apertura do procedemento de licitación en data 17/04/2024 mediante Decreto número 147/2024.

Consta anuncio de licitación de data 23/04/2024 inxerido na Plataforma de Contratación do Estado.

Consta a presentación de tres ofertas presentadas polas seguintes empresas:

- Proyestegal, SL
- Galaicontrol
- Eptisa Servicios de Ingeniería, SL.

En data 23/05/2024, emítase informe polo arquitecto Ignacio Piñeiro de la Torre, ás ofertas presentadas.

En data 23/05/2023 consta presentado recurso de reposición á aprobación do expediente (RE 278/2024, 23/05/2024) polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.





Consta emitido informe nº 105/2024, de 05 de xullo preceptivo á resolución do recurso de reposición, pola Secretaría Intervención cuxa fundamentación xurídica se transcribe:

CONSIDERACIÓNS

I.- INTERESADOS NO PROCEDEMENTO.

Analizamos en primeiro termo a condición de interesado que poida corresponder a quen presenta o escrito.

Así, respecto dos interesados, establece o artigo 4 da Lei 39/2015 o seguinte:

“1. Se consideran interesados en el procedimiento administrativo:

a) Quienes lo promuevan como titulares de derechos o intereses legítimos individuales o colectivos.

b) Los que, sin haber iniciado el procedimiento, tengan derechos que puedan resultar afectados por la decisión que en el mismo se adopte.

c) Aquellos cuyos intereses legítimos, individuales o colectivos, puedan resultar afectados por la resolución y se personen en el procedimiento en tanto no haya recaído resolución definitiva.

2. Las asociaciones y organizaciones representativas de intereses económicos y sociales serán titulares de intereses legítimos colectivos en los términos que la Ley reconozca.

3. Cuando la condición de interesado derivase de alguna relación jurídica transmisible, el derecho-habiente sucederá en tal condición cualquiera que sea el estado del procedimiento.”

Á vista do expediente, considerase que a persoa que presente o escrito é titular dun interese lexítimo colectivo e polo tanto conta coa condición de interesada ao abeiro do indicado no artigo arriba transcrito.

II.- OBJECTO DOS RECURSOS DE REPOSICIÓN.

Indica o artigo 112 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que:

“1. Contra las resoluciones y los actos de trámite, si estos últimos deciden directa o indirectamente el fondo del asunto, determinan la imposibilidad de continuar el procedimiento, producen indefensión o perjuicio irreparable a derechos e intereses legítimos, podrán interponerse por los interesados los recursos de alzada y potestativo de reposición, que cabrá fundar en cualquiera de los motivos de nulidad o anulabilidad previstos en los artículos 47 y 48 de esta Ley. La oposición a los restantes actos de trámite podrá alegarse por los interesados para su consideración en la resolución que ponga fin al procedimiento”.

Pola súa parte, o artigo 52 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local establece:

“1. Contra los actos y acuerdos de las Entidades locales que pongan fin a la vía administrativa, los interesados podrán ejercer las acciones que procedan ante la jurisdicción competente, pudiendo no obstante interponer con carácter previo y potestativo recurso de reposición.





2. Ponen fin a la vía administrativa las resoluciones de los siguientes órganos y autoridades:

a) Las del Pleno, los Alcaldes o Presidentes y las Juntas de Gobierno, salvo en los casos excepcionales en que una ley sectorial requiera la aprobación ulterior de la Administración del Estado o de la comunidad autónoma, o cuando proceda recurso ante éstas en los supuestos del artículo 27.2.

b) Las de autoridades y órganos inferiores en los casos que resuelvan por delegación del Alcalde, del Presidente o de otro órgano cuyas resoluciones pongan fin a la vía administrativa.

c) Las de cualquier otra autoridad u órgano cuando así lo establezca una disposición legal.”

De acuerdo co artigo 114.1 da mesma lei, poñen fin á vía administrativa:

“a) Las resoluciones de los recursos de alzada.

b) Las resoluciones de los procedimientos a que se refiere el artículo 112.2.

c) Las resoluciones de los órganos administrativos que carezcan de superior jerárquico, salvo que una Ley establezca lo contrario.

d) Los acuerdos, pactos, convenios o contratos que tengan la consideración de finalizadores del procedimiento.

e) La resolución administrativa de los procedimientos de responsabilidad patrimonial, cualquiera que fuese el tipo de relación, pública o privada, de que derive.

f) La resolución de los procedimientos complementarios en materia sancionadora a los que se refiere el artículo 90.4.

g) Las demás resoluciones de órganos administrativos cuando una disposición legal o reglamentaria así lo establezca.”

De acordo co artigo 115 da Lei 39/2015 citada:

“1. La interposición del recurso deberá expresar:

a) El nombre y apellidos del recurrente, así como la identificación personal del mismo.

b) El acto que se recurre y la razón de su impugnación.

c) Lugar, fecha, firma del recurrente, identificación del medio y, en su caso, del lugar que se señale a efectos de notificaciones.

d) Órgano, centro o unidad administrativa al que se dirige y su correspondiente código de identificación.

e) Las demás particularidades exigidas, en su caso, por las disposiciones específicas.”

Preséntase por parte do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, recurso de reposición contra o acordo polo que se aproban os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, adoptado por Decreto de Alcaldía nº 147, de data 17/04/2024, se aproba o expediente de contratación e se apertura o procedemento de licitación. Entendendo este acto como de trámite cualificado, por producir indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos.





Prazo de interposición do recurso.

Indica o apartado primeiro do artigo 124 da Lei 39/2015 que *“1. El plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Transcurrido dicho plazo, únicamente podrá interponerse recurso contencioso administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión. Si el acto no fuera expreso, el solicitante y otros posibles interesados podrán interponer recurso de reposición en cualquier momento a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto.”*

No caso que nos ocupa, a publicación da Resolución impugnada foi en data 23/04/2024 na plataforma de contratación do sector público, presentándose o recurso de reposición o 23/05/2024 e polo tanto dentro de prazo.

- **Suspensión, prazo de resolución e silencio administrativo.**

- Solicitouse polo interesado a suspensión do procedemento de licitación, neste sentido o artigo 117.3 LPAC establece que: *“La ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien compete resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto. En estos casos, no será de aplicación lo establecido en el artículo 21.4 segundo párrafo, de esta Ley”.*
- Atópase polo tanto en suspenso a tramitación do procedemento de licitación.

Respecto o prazo de resolución do recurso, indica o apartado segundo do artigo 124 da Lei 39/2015 que *“El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes”.*

No caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado pola normativa, produciríanse os efectos do silencio administrativo nos termos do establecido no artigo 24 da citada lei establece.

No que aquí interesa, indica o referido artigo que *“(…) El sentido del silencio también será desestimatorio en los procedimientos de impugnación de actos y disposiciones y en los de revisión de oficio iniciados a solicitud de los interesados. (...) 2. (...) La desestimación por silencio administrativo tiene los solos efectos de permitir a los interesados la interposición del recurso administrativo o contencioso-administrativo que resulte procedente. 3. La obligación de dictar resolución expresa a que se refiere el apartado primero del artículo 21 se sujetará al siguiente régimen: (...) En los casos de desestimación por silencio administrativo, la resolución expresa posterior al vencimiento del plazo se adoptará por la Administración sin vinculación alguna al sentido del silencio”.*

- **En canto ao fondo do asunto.**

O recurso de reposición presentado ten por obxecto impugnar:

1. Publicación de información relativa á licitación o día antes da finalización do prazo de presentación de propostas. Infracción dos artigos 138 e 136 LCSP. Que supón unha





causa de anulabilidade de dereito administrativo conforme ao previsto no artigo 40 da Lei 9/2017 e art. 48.1 da Lei 39/2015.

Razoa o escrito presentado: “Non obstante o día 7 de maio, un día antes da finalización do prazo de presentación de propostas, publicouse no perfil do contratante -no apartado “outros documentos”- o documento titulado “MEMORIA” que recolle información relativa á actuación que desexa acometer o concello e que fai referencia directa ao contido do proxecto cuxa redacción constitúe o obxecto do contrato, sendo, polo tanto, unha información relevante para a preparación da oferta que deben presentar os licitadores”.

Alegan a vulneración do artigo 138 LCSP, ao entender que a información publicada un día antes do remate do prazo de publicación de ofertas debería formar parte do expediente de contratación e publicarse conxuntamente cos pregos.

Consta no expediente que:

- En data 02/05/2024 a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, por un posible licitador, solicítase información sobre a delimitación do ámbito de actuación, indicando que este non está definido no prego de prescricións técnicas.
- Seguidamente en data 07/05/2024, outros interesados formulan a mesma pregunta solicitando información sobre o ámbito de actuación e que se publique a memoria que o conteña.
-
- En data 07/05/2024 publícase polo Concello na Plataforma de Contratación do Sector Público a memoria denominada “ MEMORIA DE MOBILIDADE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO NÚCLEO PASEO MIRADOR DA RÍA. TM DE CATOIRA”.

Da análise dos documentos relacionados no expediente de contratación obsérvase que é na memoria onde se desenvolve o obxecto do contrato, mentres que nin nos pregos de cláusulas administrativas particulares que dispoñen que o obxecto do contrato é a *“asistencia técnica para a redacción do proxecto construtivo básico e de execución de Mellora da mobilidade e recuperación de espazos públicos no núcleo Paseo Mirador da Ría, TM Catoira, incluíndo calquera outro documento urbanístico complementario para a realización de trámites e atención de permisos, licencias e autorizacións precisas”*, nin nos pregos de prescricións técnicas no que se declara que é *“definir os traballos e fixar as condicións técnicas que rexerán no contrato de servizos para a REDACCIÓN DE PROXECTO DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NOS CONCELLOS DE REDE ÁGORA: MOBILIDADE E RECUPERACIÓN E ESPAZOS PÚBLICOS NO NÚCLEO PASEO MIRADOR DA RÍA, o que se definirá no Anexo I”*, se precisa o ámbito de actuación nin os traballos a desenvolver de forma concreta, so constan referencias xenéricas, que aparecen concretadas e delimitadas nos planos que se incorporan á memoria para solicitala subvención.

Queda polo tanto acreditado que en ningún dos dous documentos publicados xunto coa apertura da licitación se recolle unha descrición suficiente do obxecto do contrato. So se limitan a repetir o contido das BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA, publicadas no Boletín Oficial da Provincia en data 20/05/2024, non rexendo estas bases para a contratación do





proxecto senón para a elaboración dunha memoria que describa a actuación subvencionable e na que se precisa a actuación.

Vulnérase polo tanto o disposto no artigo 99 LCSP, que establece que o obxecto do contrato deberá ser certo, e polo tanto determinado. E así o dispón o artigo 28 LCSP: "Las entidades del sector público no podrán celebrar otros contratos que aquellos que sean necesarios para el cumplimiento y realización de sus fines institucionales. A tal efecto, la naturaleza y extensión de las necesidades que pretenden cubrirse mediante el contrato proyectado, así como la idoneidad de su objeto y contenido para satisfacerlas, cuando se adjudique por un procedimiento abierto, restringido o negociado sin publicidad, deben ser determinadas con precisión, dejando constancia de ello en la documentación preparatoria, antes de iniciar el procedimiento encaminado a su adjudicación".

Unha cousa é que lle corresponda á Administración apreciar as necesidades a satisfacer co contrato e que a determinación do obxecto do contrato sexa unha facultade discrecional da mesma, sometida á xustificación da necesidade da contratación e ás limitacións establecidas na LCSP, e que os licitadores non poidan substituír a vontade da Administración en canto á configuración do obxecto do contrato e ao xeito de alcanzar a satisfacción dos fins que a Administración pretende con el, e outra moi diferente é o feito de que os licitadores non teñan toda a información necesaria para elaboralas súas ofertas, sendo esta unha causa de nulidade do procedemento de contratación que afecta ao principio de transparencia definido pola xurisprudencia do TXUE "*implica por tanto que toda la información técnica pertinente para la buena comprensión del anuncio de licitación o del pliego de condiciones se ponga, en cuanto sea posible, a disposición de todas las empresas que participan en un procedimiento de adjudicación de contratos públicos de forma que, por una parte, todos los licitadores razonablemente informados y normalmente diligentes puedan comprender su alcance exacto e interpretarlos de la misma forma y, por otra parte, la entidad adjudicadora pueda comprobar efectivamente que las ofertas presentadas por los licitadores responden a los criterios que rigen el contrato de que se trata (sentencia del Tribunal de 19 de marzo de 2010, Evropaiki Dynamiki/Comisión, T-50/05, Rec. p. II-1071, apartado 59).*"

Parece claro polo tanto, que o obxecto do contrato non se atopa completamente definido na documentación preparatoria, o que provocou que cando se abriu a licitación, os licitadores non dispoñían da información necesaria para elaborar as súas ofertas, afectándose ao principio de libre concorrncia, de transparencia, e en consecuencia de igualdade e non discriminación entre licitadores.

2. Cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares: impúgnase os criterios de adxudicación.

Os criterios de adxudicación deberán estar relacionados co obxecto do contrato, a teor da previsión do artigo 145 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Nese sentido, o artigo 145.1 sinala que a adxudicación dos contratos realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo, aínda que, previa xustificación no expediente, os contratos poderanse adxudicar con arranxo a criterios baseados nunha formulación que atenda á mellor relación custo-eficacia, sobre a base do prezo ou custo, como o cálculo do custo do ciclo de vida con arranxo ao artigo 148 de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.





Así mesmo, a mellor relación calidade-prezo avaliarase con arranxo a criterios económicos e cualitativos, segundo prevé o apartado 2 do citado artigo 145.

Pola súa parte, o artigo 145.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, dispón que a aplicación de mais dun criterio de adxudicación procederá, en todo caso, na adxudicación dos seguintes contratos:

“g) Contratos de servizos, salvo que as prestacións estean perfectamente definidas tecnicamente e non sexa posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato, sendo por conseguinte o prezo o único factor determinante da adxudicación.

h) Contratos cuxa execución poda ter un impacto significativo no medio ambiente, en cuxa adxudicación valoraranse condicións ambientais mensurables, tales como o menor impacto ambiental, o aforro e o uso eficiente de auga e a enerxía e dos materiais, o custe ambiental do ciclo de vida, os procedementos e métodos de produción ecolóxicos, a xeración e xestión de residuos ou o uso de materiais reciclados ou reutilizados ou de materiais ecolóxicos”.

Os criterios a que se refire o apartado 1 do citado artigo 145 que servirán de base para a adxudicación do contrato estableceranse nos pregos de cláusulas administrativas particulares ou no documento descritivo, e deberá figurar no anuncio que sirva de convocatoria da licitación, debendo cumprir os seguintes requisitos (art. 145.5 LCSP):

a) En todo caso estarán vinculados ao obxecto do contrato, no sentido expresado no apartado seguinte deste artigo.

b) Deberán ser formulados de maneira obxectiva, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, e non conferirán ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada.

c) Deberán garantir a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva e irán acompañados de especificacións que permitan comprobar de maneira efectiva a información facilitada polos licitadores co fin de avaliar a medida en que as ofertas cumpran os criterios de adxudicación. En caso de dúbida, deberá comprobarse de maneira efectiva a exactitude da información e as probas facilitadas polos licitadores.

Considerarase que un criterio de adxudicación está vinculado ao obxecto do contrato cando se refira ou integre as prestacións que deban realizarse en virtude do devandito contrato, en calquera dos seus aspectos e en calquera etapa do seu ciclo de vida, incluídos os factores que interveñen nos seguintes procesos (art. 145.6 LCSP 2017):

a) no proceso específico de produción, prestación ou comercialización de, no seu caso, as obras, as subministracións ou os servizos, con especial referencia a formas de produción, prestación ou comercialización ambiental e socialmente sustentables e xustas;

b) ou no proceso específico doutra etapa do seu ciclo de vida, mesmo cando devanditos factores non formen parte da súa substancia material.

Impúgnanse os criterios de adxudicación consistentes en:





- A. Mellora consistente en “levantamento topográfico” (12 puntos): improcedente xa que está previsto como unha obriga do contrato (infracción do principio de transparencia do art. 1 LCSP).
- B. Mellora consistente no “compromiso de actualización técnica do proxecto por cambios normativos durante o prazo de 2 anos dende a finalización do traballo (4 puntos): contravención da regulación das melloras que supón unha alteración do valor estimado do contrato, infracción do principio de igualdade previsto no art. 1 LCSP (causa de nulidade de dereito administrativo conforme ao art. 39.1 lcsp e 47.1 a) lei 39/2015 de procedemento administrativo común) así como dos artigos 99, 102 145.7 LCSP
- C. “3. Titulación de técnico ágora ata 5 puntos e curso ágora ata 3 puntos.” Criterios subxectivos que infrinxen o principio de igualdade e non discriminación que restrinxen inxustificadamente a liberdade de acceso ás licitacións. Infracción do artigo 1 lcsp. Causa de nulidade de dereito administrativo conforme ao art. 39.1 lcsp e 47.1 a) lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

Segundo se establece no artigo 145 LCSP “*se entende por melloras, a estos efectos, las prestaciones adicionales a las que figuraban definidas en el proyecto y en el pliego de prescripciones técnicas, sin que aquellas puedan alterar la naturaleza de dichas prestaciones, ni del objeto del contrato*”.

- A. En relación ao **levantamento topográfico**, non pode considerarse unha mellora a realización dun traballo que forma parte do obxecto do contrato, como prestación principal. E así se establece no PPT cando define os traballos a realizar pola empresa adjudicataria: “De forma específica, indícanse diversos traballos a realizar polo Consultor e que deben ser incluídos no proxecto redactado: - Cartografía e topografía: Recopilación dos traballos cartográficos existentes, **realización do levantamento topográfico da situación inicial e anexo de replanteo da solución proxectada** coas referencias necesarias para a boa execución das obras”.

No artigo 145 LCSP tamén se esixe que a mellora cando se estableza como criterio de adjudicación, debe estar suficientemente especificada: “*Considerarase que se cumpre esta esixencia cando se fixen, de xeito ponderado, con concreción: os requisitos, límites, modalidades e características das mesmas, así como a súa necesaria vinculación co obxecto do contrato*”.

- B. **A actualización técnica do proxecto durante un período de dous anos**, podería cumprir co requisito de vinculación esixido no artigo 145.6 LCSP por canto inclúe unha prestación que debe realizarse en virtude do contrato e que está incluída no ciclo de vida do mesmo e parece mellorar o rendemento da prestación principal que constitúe o seu obxecto.

Sen embargo, na súa redacción obsérvase a ausencia do cumprimento do resto dos requisitos, posto que non aparece completamente definida (descoñécese a que tipo de actualización se refire), non constan os seus límites (deste xeito, a mellora que se ofrezca pode incluso abarcar o compromiso de realizar un novo proxecto, o que sería totalmente desproporcionado e nese caso si se estaría ante unha nova prestación), esta falta de definición do criterio de adjudicación impídelle aos licitadores coñecer o seu alcance, impedindo unha competencia real entre empresas, ao non poder compararse as ofertas para determinar a máis vantaxosa.





Tamén debería constar a súa valoración económica, evitando así que se altere o valor estimado do contrato, pois estas melloras teñen que ser proporcionadas co mesmo, e no caso de ofertarse, teríanse en conta a hora de calcular a incursión en temeridade da totalidade da oferta.

Polo tanto, a indeterminación por parte deste criterio en canto aos seus requisitos, límites, modalidades e características dos aspectos a ofertar é contraria ao principio de igualdade de trato, libre concorrencia, e transparencia.

- C. En canto aos criterios de adxudicación relativos á obtención de formación determinada: ter superado o exame de capacitación de curso ÁGORA e ter asistido ao curso ÁGORA da Deputación de Pontevedra (acreditado mediante certificado de asistencia ou documento equivalente).

Partindo do feito de que tanto a formación como a titulación son condicións de solvencia que se utilizan como criterios de selección dos licitadores, é certo que no caso de que os criterios de adxudicación relativos a condicións de solvencia superen as condicións mínimas esixidas poderían avaliarse na fase de adxudicación, pero sempre que estas circunstancias cumpran a finalidade e requisitos indicados no artigo 145 LCSP. Debéndose diferenciar neste caso entre elementos acreditativos da solvencia, e relativos as características da entidade licitadora e aqueles referidos ás características da oferta, sendo estes últimos os únicos que deberían incluírse como criterios de valoración. Neste sentido, na Resolución do Tribunal Administrativo Central nº 264/2012, afirmase que partindo da necesaria distinción entre criterios de selección e criterios de adxudicación, que han de ser aplicados en fases distintas da licitación, a XCCA ven admitindo, con base na xurisprudencia comunitaria, a posibilidade de utilizar como criterio de adxudicación un maior número de medios persoais e materiais que os esixidos no prego para valorar a aptitude e a solvencia (ditames 56/2004, e 59/2004, ambos de 12 de novembro de 2004), pois a calidade e a cantidade dos medios ofertados polos licitadores son elementos cualitativos da oferta que inflúen no seu valor técnico, o que xustifica que podan ser utilizados como criterios de adxudicación. Como se indica no ditame 59/2004 da XCCA, *"el examen de la legislación española conduce por tanto a la conclusión de que los elementos personales y materiales pueden utilizarse como criterio para determinar la solvencia técnica o profesional, y que el número mayor de los exigidos puede ser utilizado como criterio de adjudicación, dado que la enumeración del artículo 86 de la Ley (actual artículo 150.0 TRLCSP) no es exhaustiva y es un criterio objetivo cuyo posible efecto discriminatorio quedará eliminado si, como exige el artículo 86 de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, el criterio se consigna expresamente en el pliego". De acuerdo con lo indicado, desde un punto de vista teórico resulta jurídicamente admisible que el PCAP establezca, como criterio de adjudicación, y con carácter adicional a los requisitos de solvencia exigidos, determinadas circunstancias relativas a los medios personales y materiales de los licitadores.*

Polo que podendo ser a formación un criterio de adxudicación, neste caso non se cumpre o establecido na LCSP, xa que estes criterios de adxudicación non poden considerarse vinculados ao obxecto do contrato, pois non son obxectivos nin están xustificadas, ao referirse a cuestións subxectivas que so poden alegar determinadas empresas, aquelas que participaron no programa Ágora da Deputación, e obtiveron a titulación e a formación correspondente. Estase vulnerando, polo tanto, o principio esencial de libre concorrencia e de igualdade e non





discriminación entre participantes ao limitar a formación e coñecementos na materia, a aquela obtida na Deputación de Pontevedra.

Os criterios de valoración das ofertas, ademais de estar directamente vinculados ao obxecto do contrato, deben servir obrigatoriamente para determinar a oferta economicamente máis vantaxosa de entre as presentadas e, en consecuencia, tamén a súa respectiva ponderación ou valoración individual debe gardar relación e proporción co valor real ou a vantaxe económica que aportan os elementos que se valoran en cada un deles.

En consecuencia, considera quen subscribe que o recurso ha de desestimarse anulando os criterios de adxudicación alegados, declarando nulos os pregos de cláusulas administrativas particulares, e prescricións técnicas por non definir o obxecto do contrato co alcance necesario para permitir a formulación de ofertas en condicións de igualdade, o acordo de aprobación do expediente e a apertura da licitación, debéndose ordenar a retroacción ao momento previo á elaboración dos pregos que rexerán a licitación.

Órgano competente

Pola súa banda, o artigo 123 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas indica o seguinte *“Los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo”*.

Polo tanto a competencia corresponde á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía.

Réxime de recursos

Establece o apartado 3 do artigo 124 da Lei 39/2015 que *“contra a resolución dun recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo o devandito recurso”*.

Pola súa banda, a Lei 28/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa contempla no seu artigo 46.1 que *“El plazo para interponer el recurso contencioso-administrativo será de dos meses contados desde el día siguiente al de la publicación de la disposición impugnada o al de la notificación o publicación del acto que ponga fin a la vía administrativa, si fuera expreso. Si no lo fuera, el plazo será de seis meses y se contará, para el solicitante y otros posibles interesados, a partir del día siguiente a aquél en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto”*.

Considerando que corresponde a competencia á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto de Alcaldía nº 200/2023, de data 16 de agosto do que se deu conta ao Pleno na sesión celebrada en data 30/08/2023, **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** adoptou o seguinte ACORDO:





Primeiro.- Estimar o recurso de reposición presentado contra a Resolución de Alcaldía nº 147/2024, de data 17/04/2024, pola que se aprobou o expediente de contratación do servizo de "DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO CONSTRUTIVO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE MELLORA DA MOBILIDADE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO NÚCLEO PASEO MIRADOR DA RÍA, TM CATOIRA".

Segundo.- Anular o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, así como o acto de aprobación do expediente de contratación e a apertura do procedemento de licitación, retrotraendo o procedemento ao momento previo á elaboración dos pregos de cláusulas que rexerán o presente procedemento.

Terceiro.- Notificar o presente acordo as persoas interesadas e proceder a súa publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público. "

E para que conste, ós efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do ALCALDE, Don Xoán Xosé Castaño Conde, coa salvedade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

